

*Textos actuais do Alcaide***RECIBIMENTO Á VIRXE DA MERCÉ**

Neste decisivo momento
fai a súa entrada no campo de batalla
para vigorizar e dirixir o noso glorioso exército
a súa gran Capitana,
a Nosa Señora da Mercé.

—Salve, Patroa dos exércitos cristíáns,
con Vós á fronte desta presada de valentes soldados
xa non hai que temer.
Tomade posesión destas forzas,
dispostas a vingar,
en durísima batalla contra os invasores infieis,
o voso divino Fillo.
¡Quiádenos coa vosa poderosa man,
a man da vitoria!
Non desatendades, Señora, este cativo e cariñoso saúdo
que, en nome desta entusiasmada cristiandade, vos tributamos.
E, por último, con toda a confianza e teima,
pedimosvos que nos cargues de responsabilidade para esta
incerta batalla,
xa que, con moito orgullo, depositamos en Vós toda a nosa
confianza.
Pola nosa parte, prometemos facer canto poidamos:
loitar con toda a bravura
e confiar somente en Vós.
Non nos pidades máis, Señora.
¡Os meus bravos e valentes soldados nada temen!
¡Temos por Capitana a que ten a lúa como pousadoiro dos
seus pés!
¡Non loitamos sós contra a Media Lúa!
¡Viva a nosa Capitana, a Virxe da Mercé! (bis)

AMBAIXADA CRISTIÁ À FORTALEZA**Emisario cristián:**

En nome do meu capitán,
tráloche ambaixada de que abandones a praza,
devolvas o noso estandarte
e poñas en liberdade os presos que tes cativos.
Se non o fas, declararemos a guerra
e prenderémoslle lume ao castelo.

Capitán mouro:

Dille ao teu xefe
que antes de me render,
terá que esmagar as miñas tropas
e pasar por riba do meu cadáver

«PARLAMENTO»**Capitán cristián:**

En nome de quen todo o pode,
polo honor da miña querida patria,
vénoche pedir
que me entregues a praza que taninxustamente posúes
e que poñas en liberdade os presos cristiáns,
os meus amados compatriotas,
que retés no teu poder.

Rei mouro:

En nome de Alá, o meu verdadeiro Deus,
e do seu profeta Mahoma
—¡mil veces sexa o seu nome loado!—
non che entregarei ningunha das dúas cousas
a non ser que ambas as dúas mas gañes coa espada

Capitán cristián:

Si, heichas gañar.
Hame axudar o Deus das vitorias.

a quen ti aldraxas
e contra quen blasfemaches.
Co seu auxilio e coa bravura dos meus valentes soldados,
moi axiña as túas tropas morderán o po
e abaterase todo o teu orgullo.

Rei mouro:

Esforzados soldados teño á miña man.
Eles combaterán a tua ousadia e fachenda.
Repara na multitudde das miñas forzas
esparexidas por todas as terras da tua nación.
Mira eses bravos soldados
que en mil loitas souberon gañar o loureiro da vitoria.
A súa forza é poderosa
para sacudir o xugo das túas ameazas.
Non temo, non, nin as iras do teu Deus
nin as túas ameazas
nin o sangue que se derrame.

Capitán cristián:

¡Impio!
Esta blasfemia que acabas de proferir contra El-Señor, meu Deus,
deseguida a vingarei coa derrota que vas sufrir.
¿Non temes os males producidos na guerra?
¿Non temes ser vencido
e, desa maneira, ser a vergoña da túa patria?

Rei mouro:

Non, non temo
e accepto o teu desafío
e declaróche a guerra.
¡E SE QUEREDES GUERRA, GUERRA TEREDESI!

Capitán cristián:
Declarada queda a guerra.
Axíña sentirás a irresistible forza da miña espada.

Prepárense os canóns,
formen os infantes en orde de batalla.
¡Xinetes, aos cabalos!
¡Axiña!

ARENCA DO REI MOURO

Valentes guerreiros do Islam,
o infiel rumi quérenos asoballar.
Pretende de nós cousas más ca imposibles:
quere que lle entreguemos esta praza
que tan valentemente conquistamos coa forza das nosas
armas
e coa asistencia divina do profeta Mahoma
—¡loado sexa en todos os recantos do mundo o seu nome!—
Quere tamén o malvado rumi a liberdade dos seus irmáns
cátivos,
xentuza que podrece de ignominia e vergoña
entre os muros da nosa fortaleza.
¡Canallas! ¡Sexan mil veces malditos!
Xa sabedes o que vos espera
nesta guerra que agora comeza:
Alá ofrécelles o paraíso
a todos os que morran pola súa santa causa.
Recordádeo ben, valentes soldados do Islam:
o que atope a morte na loita contra o infiel rumi
terá abertas as portas do paraíso.
Ali atoparedes o néctar da vida
e os manxares más saborosos do mundo.
No paraíso hai multitud de fermosísimas mulleres, as huris,
que agardan polos heroes.
Naquir e Nunquir están da nosa parte.
Soldados do Islam,
cando Alá vos convoque coas súas trompetas
á suprema reunión de Alauquif,
sentiremos o pracer de ver os cans cristíáns camiño do inferno.

vestidos con túnicas de alcatrán ardendo
e matando a sede coa brea derretida.
castigo reservado aos que negan a única fe de Alá.
Todos morrerán hoxe mesmo.
¿Quen de vós non ten a ousadia de morrer para exterminalos?
Mirádeos, mirade ben os cristiáns.
¡Miserables, ruíns, canallas, malditos!
Non saben o que lles espera.
Antes de que o sol se poña,
os muros da nosa fortaleza non serán suficientes
para acoller todos os seus inmundos corpos.
Eu xúrovos pola fe do noso profeta
—¡loado sexa sempre o seu nome!—
que terán un escarmento como nunca tiveron.
Gozade
—Alá vai gozar tamén ao velo—,
gozade espetando os vosos alfanxes no peito dos cristiáns.
Está escrito unha e mil veces:
o que mata un rumi vai dereito ao paraíso.
Mirádeos ben.
Eses canallas que perto de aquí se preparan para combater-nos;
eles vanvos facer donos dun harén de mulleres feiticeiras,
as hurís de virxindade eterna,
especialmente reservadas no paraíso
para os que morran na loita contra os cristiáns.
Xa sei que non temedes tan infame inimigo.
¡Vamos, logo!
Que comece a batalla.
¡Bi-Isen-Alá! («¡Sexa o que Alá quixer!»)

ARENGA DO CAPITÁN CRISTIÁN

Valentes soldados da nobre e heroica España,
polo voso honor, o da vosa patria e o do voso rei
e, más que todo, polo triunfo da nosa sacrosanta relixión,
aldraxada polo infiel musulmán.
Combatede sen tregua nin descanso
até derrotar para sempre os inimigos do noso Deus
e extinguir o poder da Media Lúa.
Non teñades reparo en dar o tributo do voso sangue
pola causa da nosa fe.
Dirixide o voso recordo aos miles de mártires e heroes
que nas páxinas da historia son como marcos de inmortalidade.
Seguidas as luminosas pisadas dos vosos antepasados.
Se vos guiades polo mesmo brillante facho da súa fe,
iredes ao combate seguros dunha vitoria
que devolverá a paz aos nosos espíritos
e tranquilidade aos nosos fogares,
e ao santuario os seus augustos e inviolables foros.
Non temades, valorosos fillos desta nobre terra,
Deus está connosco.
Mira tamén por nós a súa augusta Nai,
a Virxe da Mercé,
E mais o apóstolo Santiago,
ante quen, só con velo, foxen os sectarios do Islam.
¡A loitar para vencer a mourindade!
¡Non descansedes
até pór no cume da fortaleza a bandeira do Cristianismo!
¡Que a redentora Cruz de Cristo derrube a Media Lúa!
Este voso capitán,
que non será o primeiro entre os heroes,
mais si no campo de batalla,
espera de vós o sacrificio
que esta digna causa merece.
¡Viva o apóstolo Santiago!
¡Viva a Virxe da Mercé!

AGRADECIMENTO Á VIRXE DA MERCÉ

Dámossos gracias infinitas, Virxe Santísima,
 polo sinalado triunfo
 e singular mercé que acabades de concedernos.
 Desde hoxe seredes Vós
 a nosa exelta patroa
 en recordo de tan memorable feito
 e venerámosvos baixo o título da Mercé.
 Ben certo é que cando o home confia só nas súas propias forzas,
 o seu poder é débil e insignificante.
 En cambio, transformase nun heroe
 se a mirada do ceo o ilumina co seu resplendor e a súa gracia.
 Baixo esta mirada do ceo
 as armas dos españois camiñaron triunfantes
 por todas as terras patrias.
 ¡Que grande é Deus nas alturas!
 ¡Que poderosa, Señora, é a vosa intervención!
 Desde que a vil traizón lles abriu as portas da nosa patria
 ás hordas mahometanas que viñan aldraxar o noso Deus
 e destruir os seus altares.
 non deixou esta nación de invocar o seu augusto nome
 pedindo a protección do ceo
 para vencer os irreconciliables inimigos da fe salvadora.
 Tanta foi a protección do ceo
 que só gracias a ela se levou a cabo a Reconquista,
 que abraiou o mundo pola súa grandeza e heroísmo.
 Sempre o favor do ceo sinalou as armas cristiás.
 Os que en tempos do emperador Constantino
 viron escrito nunha cruz do ceo
 «In hoc signo vinces»
 —con este signo vencerás—
 nunca o puideron esquecer.
 Por iso, cando un día o esforzo dos homes non era abondo,
 o ceo enviou o máis bravo guerreiro,
 o adalí apóstolo Santiago
 que, somente coa súa presenza,

deu o triunfo naquela cruenta batalla de Clavijo.
 Novamente agora, Virxe da Mercé,
 o voso favor fixonos ver
 que sen a axuda do ceo
 non poderíamos vencer o inimigo infiel
 para botalo fóra da nosa terra e da nosa patria.
 Gracias á vosa axuda,
 o sarraceno tivo que fuxir para as súas toqueiras
 humillado e derrotado.
 Os combatentes que agora estamos diante de Vós,
 ¡Virxe Santísima da Mercé!
 viñemos ofrecervos o galardón da vitoria
 xa que temos por certo que é a Vós,
 antes que a ninguén,
 a quen corresponde.
 ¡Virxe Santísima da Mercé!,
 ¡sede sempre a nosa incondicional protectora!
 Dese xeito, unha e mil veces daremos o sangue
 para defender a nosa relixión contra os inimigos.
 ¡Bendita e loada sexa a Virxe da Mercé!
 En nome da Virxe da Mercé,
 en lembranza da vitoria que acaba de axudarnos a lograr,
 imoslle prender lume ao castelo.
 ¡Que sexa xa! ¡Lume!

(A Saínza, setembro do 1998)